



CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DE ALUMNOS DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA DO TRABALLO E AS ORGANIZACIÓNS, PSICOLOXÍA XURÍDICO-FORENSE E INTERVENCIÓN SOCIAL

MEMORIA EXPLICATIVA

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da administración autonómica ao que lle corresponde a competencia de impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

O artigo 15 da Lei 11 /2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dispón a formación da totalidade dos e dos profesionais, garantindo mediante os instrumentos necesarios, a formación en igualdade de todas e todos os profesionais que traballan en ámbitos relacionados directamente coa violencia de xénero, en especial das e dos profesionais da sanidade, dos servizos sociais, educativos, forzas e corpos de seguridade e operadores xurídicos.

Pola súa banda, o artigo 49 da mesma Lei recolle a creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero, adscrito ao departamento competente en, materia de igualdade e que desenvolve un modelo de atención integral, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico. O funcionamento do Centro regúlase no Decreto 1/2014, do 19 de xaneiro.

Pola súa banda, a Disposición adicional segunda da mesma Lei, dispón que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización e actualización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións





públicas con competencias na materia obxecto da Lei, de cara a conseguir, nos distintos ámbitos, unha atención e asistencia integral e coordinada ás mulleres que sofren violencia de xénero.

Polo tanto, é de enorme importancia establecer unha vía de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, de cara á realización de prácticas profesionais do alumnado do **Máster Universitario En Psicoloxía Do Traballo E As Organizacións, Psicoloxía Xurídico-Forense E Intervención Social**, nas instalacións da Secretaría xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e nas do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero, adscrito á Secretaría xeral da Igualdade

A sinatura do presente Convenio, como así se establece na cláusula sétima do mesmo, non comporta en ningún caso, vinculación laboral do alumnado coa Xunta de Galicia nin terá consideración de contrato en prácticas, aprendizaxe, tempo parcial ou calquera outra modalidade existente.

Tampouco se derivan deste Convenio obrigas económica para Xunta de Galicia, nin contempla a existencia de gastos que requiran establecer un sistema de financiamento, pois o desenvolvemento das actuacións derivadas co Convenio non implica un incremento nos programas ordinarios de gasto e inversión da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

